



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE SOBER PARA UNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN NO XACEMENTO ROMANO DE PROENDOS (SOBER, LUGO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Sober, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Sober, para a dunha actuación arqueolóxica de escavación e consolidación no xacemento romano de Proendos (Sober, Lugo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O xacemento arqueolóxico de Proendos, sitúase no concello lucense de Sober, en concreto na parroquia de Santa María de Proendos, na contorna da súa igrexa parroquial.

A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben catalogado en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia xa que se atopa recollido no PXOM do Concello de Sober aprobado no ano 2013 (DOG núm. 75, do 18.04.2013) e no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018), co código GA27059015. Ademais o lugar se atopa no





ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, declarada ben de interese cultural polo Decreto 166/2018, do 27 de decembro.

Neste lugar, nunha ampla superficie chaira, tense constatado desde antigo a través de achados casuais e intervencións non sistemáticas a aparición de significativas evidencias materiais de adscrición romana que van desde un gran número de fragmentos de tégula, ladrillos e cerámica, ata varios fragmentos de columnas, capiteis, basas, epígrafes e restos de canalizacións de granito, moitos dos cales aínda se conservan nos muros de peche e no interior das casas do actual pobo de Proendos.

Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento arqueolóxico de Proendos (Sober, Lugo) como un dos fitos representativos da Galicia romana, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Sober consideran necesario continuar cos traballos arqueolóxicos no sitio coa finalidade de favorecer a súa investigación e posta en valor. Os obxectivos desta campaña 2025 son a ampliación da escavación da sondaxe do ano 2024 para delimitar con maior precisión as estancias localizadas e a súa posterior consolidación e acondicionamento.

Estes traballos faranse con metodoloxía arqueolóxica e serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do conxenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

